

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2019-2020

Materia:

- **Física e Química 3º ESO**

INDICE		Páxina
1	Obxectivos da ESO adaptados ao contexto do centro e alumnado	
2	Obxectivos da materia de Física e Química de 3º ESO	
3	Secuenciación e temporalización dos contidos de Física e Química 3º ESO	
4	Relacionar para cada unidade: Contidos, criterios de avaliación, competencias clave e estándares	
5	Establecer para cada estándar: Grao mínimo de consecución Peso na cualificación Instrumentos de avaliación Temas transversais	
6	Metodoloxía didáctica: 6.1. Estratexias metodolóxicas 6.2. Outras decisións metodolóxicas: agrupamentos, tempos, espazos, materias, recursos	
7	Avaliación 7.1. Procedemento para a avaliación inicial 7.2. Procedemento para a avaliación continua 7.3. Procedemento para a avaliación final 7.4. Procedemento para a avaliación extraordinaria 7.5. Procedemento de recuperación e avaliación de pendentos	
8	Outras Avaliacións 8.1. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente Indicadores de logro da planificación e do proceso de ensino Indicadores de logro da práctica docente 8.2. Avaliación da programación didáctica Mecanismo de revisión Indicadores de logro sobre a programación didáctica	
9	Atención á diversidade Medidas ordinarias: Organizativas Medidas ordinarias: Curriculares Medidas extraordinarias: Organizativas Medidas extraordinarias: Curriculares	
10	Actividades complementarias e extraescolares 11. Datos da materia 12. Relación coa Resolución do 27/07/2015 (DOG 29)	

1.- Obxectivos da ESO (adaptados ao contexto do centro e do alumnado):

1	a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
2	b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
3	c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
4	d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
5	e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
6	f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
7	g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
8	h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
9	i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
10	l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
11	m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
12	n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
13	ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
14	o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

2.- Obxectivos da materia de Física e Química de 3º ESO

1. Recoñecer e identificar as características da metodoloxía científica.
2. Dar valor á investigación científica e recoñecer o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade.
3. Identificar os materiais e instrumentos básicos para utilizar nos laboratorios de Física e Química.
4. Coñecer e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección do ambiente.
5. Interpretar a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación.
6. Desenvolver pequenos traballos de investigación nos que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización das TIC.
7. Recoñecer os modelos atómicos como instrumentos interpretativos das distintas teorías e ver a necesidade da súa utilización para a interpretación e comprensión da estrutura interna da materia.
8. Analizar a utilidade científica e tecnolóxica dos isótopos radioactivos.
9. Coñecer a ordenación dos elementos na táboa periódica e recoñecer os máis relevantes a partir dos seus símbolos.
10. Coñecer como se unen os átomos para formar estruturas máis complexas e explicar as propiedades das agrupacións resultantes.
11. Diferenciar entre átomos e moléculas, e entre elementos e compostos en substancias de uso frecuente e coñecido.
12. Formular e nomear compostos binarios seguindo as normas IUPAC.
13. Caracterizar as reaccións químicas como cambios dunhas substancias noutras.
14. Describir no nivel molecular o proceso polo cal os reactivos se transforman en produtos en termos da teoría de colisións.
15. Deducir a lei de conservación da masa e recoñecer reactivos e produtos a través de experiencias sinxelas no laboratorio e/ou de simulacións por ordenador.
16. Comprobar mediante experiencias sinxelas de laboratorio a influencia de determinados factores na velocidade das reaccións químicas.
17. Valorar a importancia da industria química na sociedade e a súa influencia no ambiente.
18. Coñecer os tipos de cargas eléctricas, o seu papel na constitución da materia e as características das forzas que se manifestan entre elas.
19. Interpretar fenómenos eléctricos mediante o modelo de carga eléctrica e valorar a importancia da electricidade na vida cotiá.
20. Xustificar cualitativamente fenómenos magnéticos e valorar a contribución do magnetismo ao desenvolvemento tecnolóxico.
21. Comparar, analizar e deducir mediante experiencias as características dos imáns e das forzas magnéticas, así como a súa relación coa corrente eléctrica.
22. Recoñecer as distintas forzas que aparecen na natureza e os distintos fenómenos asociados a elas.

3. Secuenciación e temporalización dos contidos Física e Química 3º ESO

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
1ª Avaliación		B1	BLOQUE 1: A actividade científica				
	1	B1.1	▪ Método científico: etapas.	1	Set/ Oct	8	
		B1.2	▪ Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación				
		B1.3	-Aplicacións da ciencia á vida cotiá e á sociedade.				
		B1.4	▪ Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades. Notación científica..				
		B1.5	▪ Erros				
		B1.6	▪ . Traxectoria no laboratorio.				
		B1.7	▪ . Procura e tratamento de información.				
		B1.8	▪ . Proxecto de investigación				
		B2	BLOQUE 2 2º ESO : A materia				
	2, 3	B2.1	Propiedades da materia	2,3	Oct/ Nov	12	
		B2.2	. Aplicacións dos materiais.				
		B2.3	Estados de agregación. Cambios de estado. Modelo cinético-molecular				
		B2.4	Leis dos gases.				
		B2.5	Substancias puras e mesturas.				
B2.6		Mesturas de especial interese: disolucións acuosas, aliaxes e coloides.					
B2.7		. Métodos de separación de mesturas					x

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
2ª Avaliación			BLOQUE 2 3º ESO: A materia				
	4, 5, 6	B2.1	▪ . Estrutura atómica. Modelos atómicos	4,5,6	Dic/ Xan/ Feb	12	
		B2.2	▪ . Isótopos.				
		B2.3	- Aplicacións dos isótopos.				
		B2.4	▪ Sistema periódico dos elementos				
		B2.5	▪ Unións entre átomos: moléculas e cristais				
		B2.6	▪ Masas atómicas e moleculares. Concepto de mol				
		B2.7	▪ Elementos e compostos de especial interese con aplicacións industriais, tecnolóxicas e biomédicas.				
		B2.8	▪ Formulación e nomenclatura de compostos inorgánicos seguindo as normas IUPAC.				
	7	B.3	Bloque 3. Os cambios	7	Feb/ Mar	10	
		B3.1.	Reacción química.				
		B3.2.	Cálculos estequiométricos sinxelos.				
		B3.3.	Lei de conservación da masa.				
		B3.4.	Velocidade de reacción.				

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto / Unid. Did.	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesiões	
3º Avaliac.		B.4	Bloque 4. O movemento e as forzas				
	8,9	B4.1.	Carga eléctrica	8,9	Mar /abril Maio	14	
		B4.2.	Forza eléctrica				
		B5.3.	Electricidade e circuitos eléctricos. Lei de Ohm.				
		B4.3.	Imáns. Forza magnética.				
		B5.5.	Dispositivos electrónicos de uso frecuente				
		B4.4.	Electroimán				
		B4.5.	. Experimentos de Oersted e Faraday.				
		B4.6.	Forzas da natureza				x
		B.5	Bloque 5. Enerxía				
	10	B5.1.	Fontes de enerxía	10	Maio/ Xuño	8	
		B5.2.	Uso racional da enerxía				
		B5.4.	Transformacións da enerxía.				
		B5.6.	Tipos de enerxía.				
		B5.7.	Aspectos industriais da enerxía				

4.- Relacionar aspectos curriculares para cada unidade

1ª Aval		Estándares de aprendizaxe avaliados /Indicadores de logro (1)				Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación							Temas transversais						
Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	* Peso Cualific.	Instrumentos						Temas transversais					
								Prob .esc.	Prob oral	Trab ind	Trab grup	Cad Cla	Rúb (2)	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP
BLOQUE 1: A actividade científica																			
1	B1.1	B1.1	FQB1.1.1	CAA, CMCCT	▪ FQB1.1.1. Formula hipóteses para explicar fenómenos cotiáns utilizando teorías e modelos científicos.	10				x		x			X				
	B1.2		FQB1.1.2	CCL, CMCCT	▪ FQB1.1.2. Rexistra observacións, datos e resultados de maneira organizada e rigorosa, e comunicaos oralmente e por escrito, utilizando esquemas, gráficos, táboas e expresións matemáticas.	50				x		x			X	X			
	B1.3.	B1.2	FQB1.2.1	CAA,CCEC,CMCCT	FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica coas aplicacións tecnolóxicas cotiás	10				x		x							
	B1.4.	FB1.3	FQB1.3.1	CMCCT	▪ FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades, utilizando preferentemente o Sistema Internacional de Unidades e a notación científica para expresar os resultados correctamente.	100		x											
	B1.5		FQB1.3.2.	CAA, CMCCT	▪ FQB1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades.	60				x	x	x				X			
	B16																		
	B1.6	B1.4	FQB1.4.1	CMCCT	FQB1.4.1. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.	100				x		x				X			
	B1.7	B1.5	FQB1.5.1	CAA, CCL CMCCT	▪ FQB1.5.1. Selecciona, comprende e interpreta información salientable nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.	10		x							X	X		X	
	B1.2		FQB1.5.2	CD, CSC	▪ FQB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e noutros medios dixitais.	10		x							X		X		
				FQB1.6.1	CAA, CCL, CD CMCCT, CSIEE	▪ FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo aplicando o método científico, e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.	10					x	x		X	X		X	
B1.1	B1.6	FQB1.6.2	CSIEE, CSC	▪ FQB1.6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.	20				x	x							X	X	

LEENDA COMPETENCIAS

CCL	Comunicación lingüística
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia a tecnoloxía
CD	Competencia dixital
CAA	Competencia aprender a aprender
CSC	Competencias sociais e cívicas
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
CCEC	Conciencia e expresións culturais

LEENDA TRANSVERSAIS

CL	Comprensión lectora
EOE	Expresión oral e escrita
CA	Comunicación audiovisual
TIC	Tecnoloxías da información e comunicación
EMP	Emprendemento
EC	Educación cívica
PV	Prevención da violencia

(1) A partir de cada estándar pódese determinar "indicadores de logro" máis precisos que indiquen o nivel de adquisición do mesmo. (O instrumento máis idóneo é a rúbrica)

(2) As rúbricas soen utilizarse para avaliar as producións do alumnado: traballos de aplicación, sínteses e textos escritos,...

* O peso na cualificación se especificará en cada proba que se presente ao alumnado.

Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	* Peso Cualific.	Instrumentos						Temas transversais							
								Prob .esc.	Prob oral	Trab ind	Trab grup	Cad Cla	Rúb (2)	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV
BLOQUE 2 2º ESO : A materia																					
2, 3	B2.1	B2.1	FQB2.1.1	CMCCT	▪ FQB2.1.1. Distingue entre propiedades xerais e propiedades características da materia, e utiliza estas últimas para a caracterización de substancias.	40		x								X					
	B2.2		FQB2.1.2	CMCCT	▪ FQB2.1.2. Relaciona propiedades dos materiais do contorno co uso que se fai deles.	10				x								X			
			FQB2.1.3	CMCCT	▪ FQB2.1.3. Describe a determinación experimental do volume e da masa dun sólido, realiza as medidas correspondentes e calcula a súa densidade.	80				x	x	x									
		B2.3.	B2.2	FQB2.2.1	CMCCT	▪ FQB2.2.1. Xustifica que unha substancia pode presentarse en distintos estados de agregación dependendo das condicións de presión e temperatura en que se ache.	60		x								X		X		
				FQB2.2.2	CMCCT	▪ FQB2.2.2. Explica as propiedades dos gases, os líquidos e os sólidos.	60		x						X	X					
			FQB2.2.3.	CMCCT	▪ FQB2.2.3. Describe os cambios de estado da materia e aplícaos á interpretación de fenómenos cotiáns.	50		x										X			
			FQB2.2.4	CMCCT	▪ FQB2.2.4. Deduce a partir das gráficas de quecemento dunha substancia os seus puntos de fusión e ebulición, e identifícaa utilizando as táboas de datos necesarias.	50		x										X			
		B2.4	B2.3	FQB2.3.1.	CMCCT	▪ FQB2.3.1. Xustifica o comportamento dos gases en situacións cotiáns, en relación co modelo cinético-molecular.	40		x							X		X			
				FQB2.3.2	CAA CMCCT	▪ FQB2.3.2. Interpreta gráficas, táboas de resultados e experiencias que relacionan a presión, o volume e a temperatura dun gas, utilizando o modelo cinético-molecular e as leis dos gases.	100		x												
		B2.5 B2.6	B2.4	FQB2.4.1	CMCCT	▪ FQB2.4.1. Distingue e clasifica sistemas materiais de uso cotián en substancias puras e mesturas, e especifica neste último caso se se trata de mesturas homoxéneas, heteroxéneas ou coloides.	100		x		x	x	x			X			X	X	X
				FQB2.4.2	CMCCT	▪ FQB2.4.2. Identifica o disolvente e o soluto ao analizar a composición de mesturas homoxéneas de especial interese.	100		x		x	x	x			X					X
				FQB2.4.3.	CCL CMCCT	▪ FQB2.4.3. Realiza experiencias sinxelas de preparación de disolucións, describe o procedemento seguido e o material utilizado, determina a concentración e exprésaa en gramos/litro.	80		x		x	x	x				X			X	
	B2.7	B2.5	FQB2.5.1	CAA CMCCT CSIEE	FQB2.5.1. Deseña métodos de separación de mesturas segundo as propiedades características das substancias que as compoñen, describe o material de laboratorio adecuado e leva a cabo o proceso.	80				x	x	x				X			X		

LEENDA COMPETENCIAS

CCL	Comunicación lingüística
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia a tecnoloxía
CD	Competencia dixital
CAA	Competencia aprender a aprender
CSC	Competencias sociais e cívicas
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
CCEC	Conciencia e expresións culturais

LEENDA TRANSVERSAIS

CL	Comprensión lectora
EOE	Expresión oral e escrita
CA	Comunicación audiovisual
TIC	Tecnoloxías da información e comunicación
EMP	Emprendemento
EC	Educación cívica
PV	Prevención da violencia

(1) A partir de cada estándar pódese determinar "indicadores de logro" máis precisos que indiquen o nivel de adquisición do mesmo. (O instrumento máis idóneo é a rúbrica)

(2) As rúbricas soen utilizarse para avaliar as producións do alumnado: traballos de aplicación, sínteses e textos escritos,...

* O peso na cualificación se especificará en cada proba que se presente ao alumnado.

2ª Aval		Estándares de aprendizaxe avaliáveis /Indicadores de logro (1)				Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación							Temas transversais							
Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identific Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	* Peso Cualific.	Instrumentos							Temas transversais					
								Prob .esc.	Prob oral	Trab ind	Trab grup	Cad Cla	Rúb (2)	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC
BLOQUE 2 3º ESO: A materia:																				
4, 5, 6	B2.1	B2.1	FQB2.1.1.	CCEC, CMCCT	▪ FQB2.1.1. Representa o átomo, a partir do número atómico e o número máscico, utilizando o modelo planetario.	100		x								x				
			FQB2.1.2	CMCCT	▪ FQB2.1.2. Describe as características das partículas subatómicas básicas e a súa localización no átomo.	100		x										x		
			FQB2.1.3	CMCCT	▪ FQB2.1.3. Relaciona a notación ${}^A_Z X$ co número atómico e o número máscico, determinando o número de cada tipo de partículas subatómicas básicas.	100		x												
	B2.2	B2.2	FQB2.2.1.	CMCCT, CSC	FQB2.2.1. Explica en que consiste un isótopo e comenta aplicacións dos isótopos radioactivos, a problemática dos residuos orixinados e as solucións para a súa xestión	60				x	x	x			x					
	B2.3																			
	B2.4	B2.3	FQB2.3.1	CMCCT	▪ FQB2.3.1. Xustifica a actual ordenación dos elementos en grupos e períodos na táboa periódica.	100			x							x				
			FQB2.3.2	CMCCT	▪ FQB2.3.2. Relaciona as principais propiedades de metais, non metais e gases nobres coa súa posición na táboa periódica e coa súa tendencia a formar ións, tomando como referencia o gas nobre máis próximo.	50		x		x								x		
	B2.5	B2.4.	FQB2.4.1	CMCCT	▪ FQB2.4.1. Explica o proceso de formación dun ión a partir do átomo correspondente, utilizando a notación adecuada para a súa representación.	100												x		
	B2.6		FQB2.4.2	CMCCT	▪ FQB2.4.2. Explica como algúns átomos tenden a agruparse para formar moléculas interpretando este feito en substancias de uso frecuente, e calcula as súas masas moleculares . ▪ Realiza cálculos aplicando o concepto de mol	100		x			x								x	
	B2.7	B2.5	FQB2.5.1	CMCCT	▪ FQB2.5.1. Recoñece os átomos e as moléculas que compoñen substancias de uso frecuente, e clasificaas en elementos ou compostos, baseándose na súa fórmula química.	100					x	x								x
FQB2.5.2			CAA, CCL, CD CMCCT, CSIEE	▪ FQB2.5.2. Presenta, utilizando as TIC, as propiedades e aplicacións dalgún elemento ou composto químico de especial interese a partir dunha procura guiada de información bibliográfica e dixital.	50					x								x	x	
B2.8	B2.6	FQB2.6.1	CCL, CMCCT	FQB2.6.1. Utiliza a linguaxe química para nomear e formular compostos inorgánicos seguindo as normas IUPAC	100		x									x				

LEENDA COMPETENCIAS

CCL	Comunicación lingüística
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia a tecnoloxía
CD	Competencia dixital
CAA	Competencia aprender a aprender
CSC	Competencias sociais e cívicas
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
CCEC	Conciencia e expresións culturais

LEENDA TRANSVERSAIS

CL	Comprensión lectora
EOE	Expresión oral e escrita
CA	Comunicación audiovisual
TIC	Tecnoloxías da información e comunicación
EMP	Emprendemento
EC	Educación cívica
PV	Prevención da violencia

(1) A partir de cada estándar pódese determinar "indicadores de logro" máis precisos que indiquen o nivel de adquisición do mesmo. (O instrumento máis idóneo é a rúbrica)

(2) As rúbricas soen utilizarse para avaliar as producións do alumnado: traballos de aplicación, sínteses e textos escritos,..

* O peso na cualificación se especificará en cada proba que se presente ao alumnado.

Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identific Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	* Peso Cualific.	Instrumentos						Temas transversais					
								Prob .esc.	Prob oral	Trab ind	Trab grup	Cad Cla	Rúb (2)	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP
Bloque 3. Os cambios																			
7	B3.1.	B3.1.	FQB3.1.1	CMCCT	▪ FQB3.1.1. Representa e interpreta unha reacción química a partir da teoría atómico-molecular e a teoría de colisións.	60		x									x		
	B3.2.	B3.2.	FQB3.2.1	CMCCT	▪ FQB3.2.1. Recoñece os reactivos e os produtos a partir da representación de reaccións químicas sinxelas, e comproba experimentalmente que se cumpre a lei de conservación da masa.	100		x						x			x		
	B3.3		FQB3.2.2	CMCCT	▪ FQB3.2.2. Realiza os cálculos estequiométricos necesarios para a verificación da lei de conservación da masa en reaccións químicas sinxelas.	100		x							x		x		
	B3.4.	B3.3	FQB3.3.1	CMCCT	▪ FQB3.3.1. Propón o desenvolvemento dun experimento sinxelo que permita comprobar o efecto da concentración dos reactivos na velocidade de formación dos produtos dunha reacción química, e xustifica este efecto en termos da teoría de colisións.	50				x	x	x					x		
			FQB3.3.2	CMCCT	▪ FQB3.3.2. Interpreta situacións cotiás en que a temperatura inflúa significativamente na velocidade da reacción.	50												x	
	B3.5.	B3.4.	FQB3.4.1.	CMCCT CSC	▪ FQB3.4.1. Describe o impacto ambiental do dióxido de carbono, os óxidos de xofre, os óxidos de nitróxeno e os CFC e outros gases de efecto invernadoiro, en relación cos problemas ambientais de ámbito global.	50					x							x	
			FQB3.4.2.	CMCCT CSC	▪ FQB3.4.2. Defende razoadamente a influencia que o desenvolvemento da industria química tivo no progreso da sociedade, a partir de fontes científicas de distinta procedencia.	50				x		x					x	x	x

LENDAS DE COMPETENCIAS

CCL	Comunicación lingüística
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
CD	Competencia dixital
CAA	Competencia aprender a aprender
CSC	Competencias sociais e cívicas
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
CCEC	Conciencia e expresións culturais

LENDAS DE TRANSVERSAIS

CL	Comprensión lectora
EOE	Expresión oral e escrita
CA	Comunicación audiovisual
TIC	Tecnoloxías da información e comunicación
EMP	Emprendemento
EC	Educación cívica
PV	Prevención da violencia

(1) A partir de cada estándar pódese determinar "indicadores de logro" máis precisos que indiquen o nivel de adquisición do mesmo. (O instrumento máis idóneo é a rúbrica)

(2) As rúbricas soen utilizarse para avaliar as producións do alumnado: traballos de aplicación, sínteses e textos escritos,...

* O peso na cualificación se especificará en cada proba que se presente ao alumnado.

Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	* Peso Cualific.	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación							Temas transversais						
								Instrumentos							Temas transversais						
								Prob .esc.	Prob oral	Trab ind	Trab grup	Cad Cla	Rúb (2)	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV
Bloque 4. O movemento e as forzas																					
B4.1	B4.1.	FQB4.1.1	CMCCT	▪ FQB4.1.1. Explica a relación entre as cargas eléctricas e a constitución da materia, e asocia a carga eléctrica dos corpos cun exceso ou defecto de electróns.	100		X							X							
B4.2		FQB4.1.2.	CCEC, CMCCT	▪ FQB4.1.2. Relaciona cualitativamente a forza eléctrica que existe entre dous corpos coa súa carga e a distancia que os separa, e establece analogías e diferenzas entre as forzas gravitatoria e eléctrica.	100				X							X					
B4.1	B4.2	FQB4.2.1.	CMCCT	FQB4.2.1. Xustifica razoadamente situacións cotiás nas que se poñan de manifesto fenómenos relacionados coa electricidade estática	50				X	X	X										
B5.3.	B5.3.	FQB5.3.1	CMCCT	▪ FQB5.3.1. Explica a corrente eléctrica como cargas en movemento a través dun condutor.	50		X		X						X						
		FQB5.3.2	CMCCT	FQB5.3.2. Comprende o significado das magnitudes eléctricas de intensidade de corrente, diferenza de potencial e resistencia, e relaciónaas entre si empregando a lei de Ohm.	50		X		X				X	X							
		FQB5.3.3	CMCCT	FQB5.3.1. Explica a corrente eléctrica como cargas en movemento a través dun condutor.	100		X		X					X							
B5.4	B5.4	FQB5.4.1.	CMCCT	▪ FQB5.4.1. Describe o fundamento dunha máquina eléctrica na que a electricidade se transforma en movemento, luz, son, calor, etc., mediante exemplos da vida cotiá, e identifica os seus elementos principais.	50					X	X		X	X							
		FQB5.4.2	CAA, CMCCT	▪ FQB5.4.2. Constrúe circuitos eléctricos con diferentes tipos de conexións entre os seus elementos, deducindo de forma experimental as consecuencias da conexión de xeradores e receptores en serie ou en paralelo.	50						X	X									
B.5.3		FQB5.4.3	CMCCT	▪ FQB5.4.3. Aplica a lei de Ohm a circuitos sinxelos para calcular unha das magnitudes involucradas a partir das outras dúas, e expresa o resultado en unidades do Sistema Internacional.	80		X								X		X				
		FQB5.4.4	CD, CMCCT	▪ FQB5.4.4. Utiliza aplicacións virtuais interactivas para simular circuitos e medir as magnitudes eléctricas.	60						X					X					
B5.3		FQB5.5.1	CMCCT	▪ FQB5.5.1. Asocia os elementos principais que forman a instalación eléctrica típica dunha vivenda cos compoñentes básicos dun circuito eléctrico.	50					X						X	X				
		FQB5.5.2	CMCCT	▪ FQB5.5.2. Comprende o significado dos símbolos e das abreviaturas que aparecen nas etiquetas de dispositivos eléctricos.	50				X				X	X							
B5.5	B5.5	FQB5.5.3	CMCCT	▪ FQB5.5.3. Identifica e representa os compoñentes máis habituais nun circuito eléctrico (condutores, xeradores, receptores e elementos de control) e describe a súa correspondente función.	50				X		X					X					
		FQB5.5.4	CMCCT	▪ FQB5.5.4. Recoñece os compoñentes electrónicos básicos e describe as súas aplicacións prácticas e a repercusión da miniaturización do microchip no tamaño e no prezo dos dispositivos.	40				X							X					
B4.3	B4.3	FQB4.3.1	CMCCT	▪ FQB4.3.1. Recoñece fenómenos magnéticos identificando o imán como fonte natural do magnetismo, e describe a súa acción sobre distintos tipos de substancias magnéticas.	50					X	X					X					
		FQB4.3.2	CMCCT, CSIEE	▪ FQB4.3.2. Constrúe un compás elemental para localizar o norte empregando o campo magnético terrestre, e describe o procedemento seguido para facelo.	50												X				
B4.4	B4.4	FQB4.4.1.	CMCCT	▪ FQB4.4.1. Comproba e establece a relación entre o paso de corrente eléctrica e o magnetismo, construíndo un electroimán.	50					X	X					X					
B4.5		FQB4.4.2.	CD, CMCCT	▪ FQB4.4.2. Reproduce os experimentos de Oersted e de Faraday no laboratorio ou mediante simuladores virtuais, deducindo que a electricidade e o magnetismo son dúas manifestacións dun mesmo fenómeno.	50					X	X	X			X						
B4.6	B4.5	FQB4.5.1	CCL, CD CMCCT, CSIEE	FQB4.5.1. Realiza un informe, empregando as TIC, a partir de observacións ou busca guiada de información que relacione as forzas que aparecen na natureza e os fenómenos asociados a elas.	50					X		X				X					

8, 9

Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identific Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	* Peso Cualific.	Instrumentos						Temas transversais								
								Prob .esc.	Prob oral	Trab ind	Trab grup	Cad Cla	Rúb (2)	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	
Bloque 5. Enerxía																						
10	B5.1	B5.1	FQB5.1.1	CMCCT, CSC	▪ FQB5.1.1. Compara as principais fontes de enerxía de consumo humano a partir da distribución xeográfica dos seus recursos e os efectos ambientais.	50					X				X	X		X		X	X	
			FQB5.1.2	CCL, CMCCT	▪ FQB5.1.2. Analiza o predominio das fontes de enerxía convencionais fronte ás alternativas, e argumenta os motivos polos que estas últimas aínda non están suficientemente explotadas.	100						X						X			X	
	B5.2.	B5.2.	FQB5.2.1.	CMCCT CSIEE	FQB5.2.1. Interpreta datos comparativos sobre a evolución do consumo de enerxía mundial, e propón medidas que poidan contribuír ao aforro individual e colectivo.	50				X		X						X		X		
	B5.6.	B5.6	FQB5.6.1	CMCCT	FQB5.6.1. Describe o proceso polo que distintas fontes de enerxía se transforman en enerxía eléctrica nas centrais eléctricas, así como os métodos de transporte e almacenaxe desta.	80					X	X				X			X		X	X
	B5.4																					

LENDA COMPETENCIAS

CCL	Comunicación lingüística
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
CD	Competencia dixital
CAA	Competencia aprender a aprender
CSC	Competencias sociais e cívicas
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
CCEC	Conciencia e expresións culturais

LENDA TRANSVERSAIS

CL	Comprensión lectora
EOE	Expresión oral e escrita
CA	Comunicación audiovisual
TIC	Tecnoloxías da información e comunicación
EMP	Emprendemento
EC	Educación cívica
PV	Prevención da violencia

(1) A partir de cada estándar pódese determinar “indicadores de logro” máis precisos que indiquen o nivel de adquisición do mesmo. (O instrumento máis idóneo é a rúbrica)

(2) As rúbricas soen utilizarse para avaliar as producións do alumnado: traballos de aplicación, sínteses e textos escritos,..

* O peso na cualificación se especificará en cada proba que se presente ao alumnado.

6.- Metodoloxía

6.1.- Estratexias metodolóxicas

1. Aspectos xerais

Posibles aspectos:

- Partir da competencia inicial do alumnado
- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe
- Potenciar as metodoloxía activas:
 - Combinar traballo individual e cooperativo.
 - Aprendizaxe por prácticas de laboratorio
- Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas
- Uso habitual das TIC
- Papel facilitador do profesor/a

2. Estratexias metodolóxicas

Posibles estratexias:

- Memorización comprensiva
- Indagación e investigación sobre documentos, textos
- Análise de documentos, gráficos e táboas de datos
- Resolución de problemas
- Estudo de casos (proxectos)
- Simulacións

3. Secuenciación habitual de traballo na aula

Motivación:

- Presentación actividade.

Información do profesor/a:

- Información básica para todo o alumnado
- Información complementaria para reforzo e apoio
- Información complementaria para afondamento e ampliación

Traballo persoal

- Análise de documentos, pequenas investigación, etc.
- Resposta a preguntas
- Resolución de problemas
- Elaboración de gráficos, mapas conceptuais.
- Memorización comprensiva

Avaliación:

- Análise de producións: caderno laboratorio.
- Probas escritas
- Traballos individuais e en grupo
- Observación do traballo na aula

6.2.- Outras decisión metodolóxicas

1.- Agrupamentos

- Nas prácticas de laboratorio, os alumnos distribúense en grupos.

2. Tempos

3. Espazos

Aula de clase, laboratorio e aula de informática

4. Materiais

- Instrumentos e utensilios de laboratorio de Física e Química.

5. Recursos didácticos

Libro texto: Física y Química 3º ESO, . Editorial Oxford, 2 volumes:

- La materia y sus cambios, ISBN: 978-84-673-9831-1
- Electricidad y energía , ISBN: 978-84-673-9833-5

Resumes de temas, boletíns de exercicios e guións de prácticas de laboratorio.

Aula virtual

Bibliografía de apoio: libros de formulación e libros de Física e Química de 3º ESO

7.- AVALIACIÓN

Inicial, continua, final, extraordinaria. Pendentes

7.1. Procedementos de avaliación inicial

En que data se realizará? Mes de setembro

En que consistirá? (proba tipo test, preguntas e respostas, confección de mapas, gráficas, etc relacionados cos estándares? Proba de exercicios sobre coñecementos básicos de Física e Química de 3º ESO

Como se informará á familia? A través do titor.

Cales serán as consecuencias dos resultados? Que dos resultados da proba, o profesor e o alumno extraiga información do nivel de coñecementos que téñen que adquirir e ritmo de traballo que ten que levar

7.2. Procedemento avaliación continua

Con que temporalización se farán probas escritas (cada tema, dous, tres, cuántas por avaliación?)

Duas probas por avaliación

¿ Como se cualifican as probas, traballos individuais ou colectivos, traballo na libreta, observación.

Ponderación, redondeo, ...

A cualificación do alumnado basearase nos seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

A.- Exames escritos (máximo 8 puntos): dous en cada avaliación, que constarán, de problemas e de cuestións relacionadas coa teoría ou coas prácticas de laboratorio realizadas. O segundo exame contribuirá nun 60% xa que conterá todos os contidos da avaliación, mentres que o 1º exame contribúe nun 40%. A media ponderada destes dous exames nos da a nota deste apartado A. Para poder aprobar a avaliación, é necesario acadar en cada exame unha nota mínima de 3 puntos.

Nota A = 0,4. Exame 1 + 0,6. Exame 2 .

B.- Outros instrumentos de avaliación (máximo 2 puntos) distribuídos do seguinte xeito: informes de prácticas e traballo no laboratorio C : (máximo 1 punto), resolución de test e probas de cada tema D: (máximo 0,5 puntos), actitude e participación en clase E: (máximo 0,5 puntos).

Nota B = C + D + E

NOTA AVALIACION : N.AV. = 0,8. A + B

Redondeo: se a nota decimal é igual ou superior a 5, a nota da avaliación será a enteira superior. No caso de que a 1ª nota decimal sexa inferior a 5, mántense a nota enteira.

En caso de que o alumno sexa descuberto copiando por calquera medio, a cualificación do exame será de 0 puntos.

Que aspectos se van a valorar dentro da observación do traballo na aula?

Realización de exercicios propostos, informes, interese pola materia e actitude na clase.

Como se recupera unha proba non superada . Salvo casos excepcionais, non se recupera un exame escrito, senón que se fai globalmente da avaliación suspensa.

Como se recupera unha avaliación non superada?

Cada avaliación terá a súa correspondente recuperación que se realizará posteriormente á data de avaliación. Os alumnos que teñan cualificación inferior a cinco puntos nunha avaliación realizarán actividades de reforzo que serviran de preparación para o exame de recuperación.

Para aqueles alumnos que realizan recuperación, a nota final da avaliación obterase do seguinte xeito:

- Farase unha media ponderada F , na que contribúe cun 80% a nota do exame de recuperación (REC) e un 20% a nota media ponderada dos exames da avaliación suspensa correspondente (A).

$$F = 0,8.REC + 0,2. A$$

- Ao 80% da nota obtida no apartado anterior F sumárase a cualificación obtida no apartado B :“outros instrumentos de avaliación” valorado nun máximo de 2 puntos. Nota avaliación N. AV. = 0,8. F + B
Se a nota resultante da media ponderada anterior sae menor que 5 puntos, e a nota da recuperación (REC) é maior ou igual a 5 puntos, a nota da avaliación será 5.

Como se pode subir nota dunha avaliación?

O alumno terá dereito a presentarse **unha única vez** a subir nota, que terá lugar na recuperación de cada avaliación. Farase unha media ponderada G , na que contribúe cun 80% a nota do exame de subir nota (SN) e un 20% a nota media ponderada dos exames da avaliación correspondente (A).

$$G = 0,8.SN + 0,2. A.$$

A nota final obterase aplicando o 80% á nota G, sumándolle a cualificación obtida no apartado B: “outros instrumentos de avaliación”. N. AV. = 0,8 . G + B.

7.3.- Procedemento avaliación final

Quen debe ir á avaliación final?

Aqueles alumnos, nos que a media das tres avaliacións ou das recuperacións respectivas non chegue a 5 puntos. Tamén irán aqueles alumnos que, tendo a media final superior a 5 puntos, teñen dúas avaliacións suspensas.

A avaliación final realizarase sobre as avaliacións suspensas, e terá lugar xunto coa recuperación da 3ª avaliación.

Os alumnos que non teñan, como mínimo, unha avaliación aprobada (incluíndo as recuperacións respectivas), non terán dereito a realizar a avaliación final.

En que consistirá a proba ?

Nunha proba escrita da avaliación ou avaliacións suspensas sobre estándares de aprendizaxes .

Que estándares se van avaliar? Avaliación pendentes, todos, ...

Todos. Na avaliación de pendentes avaliaranse aqueles estándares que teñan un grao de consecución do 100% (estándares de aprendizaxe mínimos)

Como se elabora a cualificación final. Ponderación, redondeo, etc?

A nota final da materia será a media aritmética das notas das tres avaliacións. Redondearase á alza, de xeito que se a primeira nota decimal é igual ou superior a 5, engádese un punto a nota enteira.

Que criterios segue o centro para a promoción?

Segundo a normativa da LOMCE

7.4.- Procedemento de avaliación extraordinaria

Que tipo de proba se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.

A proba extraordinaria de setembro, versará sobre a totalidade da materia, e constará dunha serie de exercicios sobre os estándares de aprendizaxe da programación..

Como se cualifica, redondeo, etc?

Aplicase a regra de redondeo, de xeito que se a primeira nota decimal é igual ou superior a 5, engádese un punto a nota enteira.

7.5- Procedemento de recuperación e avaliación de pendentes

Como se fará o seguimento: clases de recuperación, traballos, reunións de seguimento, etc?

Os alumnos que teñan a Física e Química de 3º da E.S.O. pendente, traballarán os estándares de aprendizaxe mínimos de 3º da E.S.O. (aqueles que ponderan nun 100%) do seguinte xeito:

- Os alumnos realizarán unha serie de boletíns de exercicios e tarefas propostos que teñen que entregar semanalmente ao profesor, no tempo libre que dispoña o alumno e profesor, o cal fará un seguimento do alumno explicando as súas dúbidas nos exercicios propostos.. Os alumnos que entreguen estes traballos de xeito satisfactorio, sumaráselles 1 punto na nota de cada parte..

Como se avalía? (Avaliacións parciais, avaliación final, cualificación de traballos realizados, etc.)

- A materia pendente divídese en 2 partes:
- Realízase o correspondente exame de cada parte. As probas de cada parte versarán sobre os estándares de aprendizaxe mínimos (cuantificados 100%)
- Na primeira semana de maio haberá unha recuperación das partes suspensas ou un exame global da materia para aqueles alumnos con tódalas partes suspensas.

Como se elabora a cualificación final, ponderación, redondeo, etc?

- A nota final será a media das notas das avaliacións ou das correspondentes recuperacións.

Que tipo de proba extraordinaria se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.?

A proba de setembro versará sobre a totalidade da materia.

Como se cualifica, redondeo, etc?

Sumando as puntuacións indicadas en cada pregunta, e redondeando á alza, , de xeito que se a primeira nota decimal é igual ou superior a 5, engádese un punto a nota enteira.

8.- OUTRAS AVALIACIÓNS

8.1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente	Escala			
(Indicadores de logro)				
Proceso de ensino:	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanase explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de tutoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
14.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

8.2.- Avaliación da programación didáctica

1.- Mecanismo revisión

Con que periodicidade se revisará Anualmente a final de curso

Que medidas se adoptarán en caso de desfase? Reorganízase, se é o caso en función dos resultados, os apartados da programación para o seguinte curso

2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica (Indicadores de logro)	Escala			
	1	2	3	4
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

Observacións:

9.- ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Medidas de atención á diversidade no presente curso

MEDIDAS ORDINARIAS

Medidas ordinarias	Medias extraordinarias
Organizativas	Curriculares
<p>1.- Atención os alumnos na clase segundo as súas capacidades.</p> <p>2.- Atención nos períodos de lecer a aqueles alumnos que o precisen e que voluntariamente requiran axuda do profesor ou profesora correspondente.</p>	<p>1. Faise algunha adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.?</p> <p>Realízase un traballo experimental en grupos nas prácticas de laboratorio propostas. Tamén se proporcionan materiais curriculares de apoio, tanto para alumnos con dificultades como para alumnos que destacan na aula.</p> <p>2. Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a?</p> <p style="padding-left: 20px;">SI</p> <p>5. Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia?</p> <p style="padding-left: 20px;">Si, xa está recollido no apartado de avaliación de pendentos</p>

Medidas de atención á diversidade no presente curso

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Medidas ordinarias	Medias extraordinarias
Organizativas	Curriculares
<p>1. Canto alumnado recibe apoio por profesorado especialista en PT/AL?</p> <p>NINGUN</p> <p>2. Existe algunha outra medida organizativa: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.? NON</p>	<p>1. Existe algunha Adaptación Curricular na materia? ¿Cantas?</p> <p>NON</p> <p>2. Foi autorizado para a materia algún agrupamento flexible/específico?</p> <p>NON</p> <p>3. Existe algún Programa de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)?</p> <p>Si, pero está impartido por outro departamento.</p> <p>4. Flexibilizouse para algún alumno/a o período de escolarización?</p> <p>NON</p>

10. Actividades complementarias e extraescolares

Dado o número baixo de horas lectivas desta materia (2 h semanais) para un programa amplo, non se contempla de principio, ningunha actividade extraescolar para este curso 19-20.

11. Datos materia

Materia	Curso	Grupos	
FISICA E QUIMICA	3º ESO	2	Mª Carmen Meilán Garrido
FISICA E QUIMICA	3º ESO	1	Belén Villar martínez
FISICA E QUIMICA	3º ESO	1	José Manuel Traseira Meilán
Agrupamento Física e Química	3º ESO	1	Mª Carmen Meilán Garrido

12. Relación coa resolución

Resolución do 27/7/2015 (DOG 29)

Elementos	Aspectos	Folla
a	Introdución e contextualización	
b	Contribución ás competencias básicas	
c	Concreción dos obxectivos para curso	
d	Concreción para cada estándar	
	1º.- Temporalización	
	2º.- Grao mínimo de consecución	
	3º.- Procedementos e instrumentos av.	
e	Concrecións metodolóxicas	
f	Materiais e recursos didácticos	
g	Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción	
h	Indicadores de logro para avaliar o proc. ensino e p.d.	
i	Organización actividades , seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes	
j	Procedemento acreditación coñecementos previos	
k	Avaliación inicial e medidas	
l	Medidas de atención á diversidade	
m	Concreción de elementos transversais	
n	Actividades complementarias e extraescolares	
ñ	Revisión, avaliación e modificación da programación	